


INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL

Primeiro trimestre de 2019

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Primeiro trimestre de 2019

- O custo laboral das empresas aumentou en Galicia un 3,2% no primeiro trimestre de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España o aumento foi do 2,1%. O custo laboral total en Galicia é de 2.317,95 euros, 232,32 euros inferior á media nacional (2.550,27 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 2,0% no primeiro trimestre de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 1,7%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.663,01 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.876,19 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta o 1,8% en Galicia no primeiro trimestre do ano mentres que non varía en España.
- Por comunidades autónomas, os maiores incrementos do custo laboral rexístranse en Extremadura, Galicia e La Rioja.
- A xornada semanal media pactada é de 34,6 horas semanais en Galicia e de 34,2 horas en España.


Custo laboral. Primeiro trimestre de 2019			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.317,95	3,2
	Custo salarial total	1.663,01	2,0
	Outros custos	654,94	6,5
	Cotizacións obrigatorias	580,72	4,2
	Percepcións non salariais	82,82	23,9
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	8,60	-8,4

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acada os 2.317,95 euros no primeiro trimestre de 2019, co que aumenta un 3,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 2,1% e supera en 232,32 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.




O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acada os 1.663,01 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 2,0%. En España, o custo salarial aumenta un 1,7%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 3,9% en Galicia, acadando os 1.541,53 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.679,81 euros, cun incremento do 2,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 654,94 euros en Galicia, co que se incrementan un 6,5%; en España aumentan un 3,1%, ata os 674,08 euros. O incremento dos Outros custos en Galicia ven motivado polo aumento do 4,2% das Cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e do 23,9% das percepcións non salariais.

2. Custo laboral segundo actividade económica


Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta nos tres grandes sectores económicos.

Na **Industria** o Custo total aumenta un 2,9% debido ao incremento do 2,2% do Custo salarial total. Os Outros custos crecen un 4,8%, cun incremento tanto das cotizacións obrigatorias (3,8%) como das percepcións non salariais (13,8%).

INDUSTRIA. Primeiro trimestre de 2019			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.796,3	2,9
	Custo salarial total	2.039,7	2,2
	Outros custos	756,7	4,8
	Cotizacións obrigatorias	703,2	3,8
	Percepcións non salariais	60,7	13,8
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	7,2	-20,8

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O incremento do 6,2% do Custo total na **Construción** ven motivado principalmente polo incremento do Custo salarial total (6,6%). Os Outros custos aumentan un 5,6%, debido as Cotizacións obrigatorias, que crecen un 6,3%.

CONSTRUCCIÓN. Primeiro trimestre de 2019			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.535,3	6,2
	Custo salarial total	1.697,5	6,6
	Outros custos	837,7	5,6
	Cotizacións obrigatorias	700,6	6,3
	Percepcións non salariais	141,6	0,8
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	4,5	-23,5

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 3,1%. O Custo salarial total crecen un 1,6% e os Outros custos un 7,1%.

SERVIZOS. Primeiro trimestre de 2019			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
3,1	Custo total	2.181,6	3,1
1,2	Custo salarial total	1.568,6	1,6
1,0	Outros custos	613,0	7,1
0,9	Cotizacións obrigatorias	539,7	4,1
0,0	Percepcións non salariais	82,6	30,1
0,0	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	9,3	-4,6

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral nos Servizos en Galicia é inferior en 285 euros á media nacional; na Industria e na Construción a diferenza está en torno aos 230 euros.

3. Tempo de traballo

No primeiro trimestre de 2019, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 34,6 horas semanais, e destas, pérdense 3,9 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 34,2 horas, das que se perden 3,5 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 30,8 horas semanais tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia o 1,8% e non varía en España.


**Custo laboral por hora efectiva.
Primeiro trimestre de 2019**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	17,3	1,8
Custo salarial total	12,4	0,6
Outros custos	4,9	5,2
España		
Custo laboral total	19,0	0,0
Custo salarial total	14,0	-0,4
Outros custos	5,0	1,0

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra un incremento do 2,1% respecto ao mesmo trimestre de ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a País Vasco e Madrid, que superan en máis de 400 euros a media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional en máis de 350 euros.

As comunidades nas que máis creceu o custo laboral foron Extermadura (3,6%), Galicia (3,2%) e La Rioja (3,2%). As comunidades con menor incremento foron Madrid (0,5%) e Navarra (0,6%).

Custo laboral total. 1º trimestre de 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Primeiro trimestre de 2019

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.317,95	3,2	2.796,32	2,9	2.535,27	6,2	2.181,61	3,1
Custo salarial total	1.663,01	2,0	2.039,65	2,2	1.697,54	6,6	1.568,63	1,6
Custo salarial ordinario	1.541,53	3,9	1.809,14	3,4	1.622,36	6,8	1.469,12	3,8
Outros custos	654,94	6,5	756,67	4,8	837,73	5,6	612,98	7,1
Cotizacións obrigatorias	580,72	4,2	703,21	3,8	700,64	6,3	539,70	4,1
Percepcións non salariais	82,82	23,9	60,67	13,8	141,60	0,8	82,59	30,1
Subvencións e bonificacións	8,60	-8,4	7,22	-20,8	4,52	-23,5	9,32	-4,6
España								
Custo laboral total	2.550,27	2,1	3.030,03	1,8	2.514,41	1,0	2.466,11	2,3
Custo salarial total	1.876,19	1,7	2.213,39	1,4	1.744,16	1,2	1.825,12	1,9
Custo salarial ordinario	1.679,81	2,0	1.942,75	1,4	1.630,07	1,2	1.635,96	2,2
Outros custos	674,08	3,1	816,64	2,8	770,25	0,4	640,99	3,4
Cotizacións obrigatorias	615,64	3,6	750,61	3,1	693,20	2,5	585,34	3,9
Percepcións non salariais	69,61	-0,7	74,49	-0,7	84,41	-13,8	67,61	0,7
Subvencións e bonificacións	11,18	6,1	8,46	-8,1	7,36	1,9	11,96	8,4

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Primeiro trimestre de 2019

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	17,3	1,8	19,0	0,7	17,1	2,6	16,8	2,1
Custo salarial total	12,4	0,6	13,8	0,0	11,4	2,9	12,1	0,7
Custo salarial ordinario	11,5	2,5	12,3	1,2	10,9	3,2	11,3	2,8
Outros custos	4,9	5,2	5,1	2,6	5,7	2,2	4,7	6,1
España								
Custo laboral total	19,0	0,0	20,5	-0,3	16,7	-1,8	18,9	0,3
Custo salarial total	14,0	-0,4	15,0	-0,7	11,6	-1,5	14,0	-0,1
Custo salarial ordinario	12,5	-0,2	13,1	-0,8	10,8	-1,5	12,6	0,2
Outros custos	5,0	1,0	5,5	0,7	5,1	-2,3	4,9	1,4

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Primeiro trimestre de 2019

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	30,8	3,9	33,9	4,6	34,1	4,3	29,8	3,8
Tempo completo	34,6	4,6	33,9	4,7	34,9	4,4	34,3	4,5
Tempo parcial	17,8	1,8	20,5	3,0	17,2	1,9	17,6	1,7
España								
Ambas xornadas	30,8	3,5	34,0	3,8	34,7	3,1	30,0	3,4
Tempo completo	34,9	4,0	35,4	4,0	36,1	3,3	34,7	4,1
Tempo parcial	18,1	1,8	19,5	1,8	19,0	1,2	18,0	1,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Primeiro trimestre de 2019

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.550,3	100,4	2,1	19,0	96,2	0,0
Andalucía	2.212,1	96,5	2,5	16,9	94,1	0,1
Aragón	2.407,1	99,7	2,9	18,4	96,2	1,6
Asturias	2.599,6	101,0	1,5	19,6	96,5	0,9
Baleares, Illes	2.423,5	101,7	1,6	18,0	100,6	-1,5
Canarias	2.186,2	101,2	2,3	15,9	96,3	-0,3
Cantabria	2.402,6	98,9	1,2	17,5	94,6	-1,4
Castilla y León	2.277,8	98,0	2,9	17,4	94,1	0,8
Castilla-La Mancha	2.212,3	97,9	1,2	16,6	93,6	-1,5
Cataluña	2.745,3	102,0	2,9	20,1	95,9	0,6
Comunitat Valenciana	2.287,9	101,1	2,8	17,2	96,8	0,9
Extremadura	2.026,4	96,6	3,6	15,5	92,9	0,0
Galicia	2.318,0	103,1	3,2	17,3	99,5	1,8
Madrid	3.055,1	101,6	0,5	22,2	97,7	-1,5
Murcia	2.208,1	95,3	1,4	16,8	93,7	0,1
Navarra	2.699,7	101,7	0,6	20,6	95,7	0,0
País Vasco	2.955,8	100,3	1,7	22,9	94,4	0,0
Rioja, La	2.284,0	97,6	3,2	17,0	91,7	0,7

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Primeiro trimestre de 2019

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	1.876,2	98,9	1,7	14,0	94,8	-0,4
Andalucía	1.609,2	94,8	2,2	12,3	92,4	-0,1
Aragón	1.752,8	97,7	2,8	13,4	94,4	1,5
Asturias	1.914,9	99,2	2,5	14,5	94,7	1,8
Balears, Illes	1.771,8	100,7	1,1	13,1	99,5	-1,9
Canarias	1.593,4	100,2	2,4	11,6	95,4	-0,2
Cantabria	1.745,2	96,5	1,4	12,7	92,4	-1,1
Castilla y León	1.664,8	96,9	3,2	12,7	93,0	1,1
Castilla-La Mancha	1.597,3	95,6	1,7	12,0	91,4	-1,1
Cataluña	2.018,4	100,1	1,9	14,8	94,1	-0,4
Comunitat Valenciana	1.669,6	99,1	2,0	12,6	95,0	0,2
Extremadura	1.471,2	94,5	3,2	11,3	90,8	-0,5
Galicia	1.663,0	100,5	2,0	12,4	97,0	0,6
Madrid	2.311,0	101,4	0,4	16,8	97,6	-1,6
Murcia	1.601,2	92,9	0,6	12,2	91,3	-0,7
Navarra	1.969,8	100,2	1,2	15,0	94,3	0,7
País Vasco	2.161,2	98,1	1,5	16,7	92,3	-0,2
Rioja, La	1.653,0	94,3	2,5	12,3	88,7	0,1

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Primeiro trimestre de 2019

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	674,1	104,7	3,1	5,0	100,2	1,0
Andalucía	602,9	101,3	3,0	4,6	98,9	0,7
Aragón	654,3	105,2	3,1	5,0	101,6	1,8
Asturias	684,7	106,7	-1,2	5,2	102,0	-1,5
Balears, Illes	651,7	104,6	3,0	4,8	103,6	-0,2
Canarias	592,8	103,9	2,0	4,3	98,9	-0,5
Cantabria	657,4	105,7	0,5	4,8	101,1	-2,0
Castilla y León	613,0	101,2	2,2	4,7	97,3	0,0
Castilla-La Mancha	615,0	104,2	-0,1	4,6	99,6	-2,7
Cataluña	726,9	107,8	5,6	5,3	101,1	3,3
Comunitat Valenciana	618,3	106,6	4,9	4,7	102,0	3,1
Extremadura	555,3	102,8	4,9	4,3	99,1	1,4
Galicia	654,9	110,4	6,5	4,9	106,5	5,2
Madrid	744,1	102,0	0,9	5,4	98,2	-1,1
Murcia	606,9	102,4	3,6	4,6	100,7	2,2
Navarra	729,9	105,9	-1,2	5,6	99,8	-1,6
País Vasco	794,6	106,8	2,3	6,2	100,5	0,5
Rioja, La	631,0	107,3	5,0	4,7	100,6	2,2

Fonte: INE